



NOVAS / INICIATIVAS

POLAFÍA en Xirarga (Beariz)

POLAFÍA en Xirarga (Beariz)

Local Veciñal de Doade

Sábado, 1 de outubro de 2011, ás 5 da tarde.

*Xirarguiña para cantar,
Xirarguiña para cantar,
aunque non cantan moi alto
sábena adoneirar.*

Historias, música, contos, cantos e memoria das tradicións dos lugares da parroquia de Xirarga e arredores.

Coa participación das pandereteiras da Alén, Celso Fernández Sanmartín, Isidro Novo, O Tear de Llerena e moitas veciñas e veciños de Xirarga co seu saber contar e cantar.

ENTRADA LIBRE

Colaboran: Veciñas e veciños de Xirarga.

Patrocina: Xunta de Galicia

Organiza: Sección de Literatura de Tradición Oral da AELG (Asociación de Escritores en Lingua Galega).

Que son as polafías? Unha aposta da AELG a prol da literatura galega de tradición oral.

As polafías son un proxecto da Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG), coordinado polo vogal de Literatura de Tradición Oral, Antonio Reigosa, e que conta coa colaboración de diversas asociacións e co patrocinio de institucións públicas.

A palabra polafía é un neoloxismo referido ás reunións ou veladas de carácter festivo con contidos literarios e

musicais, e ten como obxectivo primordial o de poñer en valor e rescatar do esquecemento o valioso patrimonio oral, literario e musical, galego. O termo polafía quere reunir no seu significado o mellor dos diferentes matices e acepcións de vellas palabras (polavilas, fías, fiadas, fiandóns, seráns,...) con semellantes contidos. A principal diferenza, en canto ao desenvolvemento, daquelas xuntanzas de antigo co desta nova proposta é que agora podemos, e debemos, axudarnos das novas tecnoloxías, desde os aparellos de gravación, que favorecen o arquivo e estudo do recompilado, ata o uso de novas tecnoloxías, caso de internet, que poden contribuír a unha ampla difusión deste patrimonio.

O formato das polafías require a presenza dun mantedor, divulgador ou especialista que introducirá e comentará as principais características das pezas e xéneros literarios amosados, dun recitador de poesía anónima ou de autor de feitío popular; dun músico, que interpretará romances, coplas ou cantares de raiceiras tradicionais. Sen embargo, o elemento humano transcendental e imprescindible no desenvolvemento de cada polafía constituirano os homes e mulleres, narradores, cantadores, romanceadores...etc, veciñas e veciños de cada lugar onde se desenvolva a polafía, pois eles son os auténticos protagonistas, os que xenerosamente transmiten o seu saber.

O que suceda nas polafías será gravado e logo difundido a través da web da AELG. As polafías teñen unha duración aproximada de 90 minutos.

► [Enlace web AELG: Vídeos das POLAFÍAS.](#)

MANUEL BLANCO.



ROMANCE HISTÓRICO,

el que manifiesta los horrosos asesinatos cometidos en Galicia por Manuel Blanco Romasanta, de edad de 45 años, vecino de Regueiro, partido de A Lariz, transformándose en lobo por una maldición que su padre le había echado, comiéndose las personas que mataba, como á sido descubierto y el juez de dicho partido le ha aplicado la pena de muerte en el mes de junio de 1855.

*Oígan de esta maldición
que un padre á un hijo le ha echado
que en lobo se ha transformado,
sin tenerle compasión.*

*Ved esta causa marchar,
este crimen sin segundo,
que horrorita á todo el mundo,
venid padres á escuchar.*

Cartaz_polafia de Xirarga (BEARIZ).pdf